

Martes, 13 de setembro de 2022

Núm. 175

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

### **PONTEAREAS**

#### **Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*ESTABLECEMENTO DO PREZO DAS ENTRADAS PARA AS OBRAS DO CONVENIO DO  
CONCELLO DE PONTEAREAS E O AGADIC PARA O ANO 2022*

*EXPT. 6638/2022.*

*ESTABLECEMENTO DO PREZO DAS ENTRADAS PARA AS OBRAS DO CONVENIO DO CONCELLO DE  
PONTEAREAS E O AGADIC PARA O ANO 2022*

#### *EDICTO*

A Xunta de Goberno Local na sesión desenvolvida o 29 de agosto de 2022 adoptou o seguinte acordo:

“Visto o Convenio de colaboración entre o concello de Ponteareas e a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), correspondente ao segundo semestre do ano 2022, que se vai asinar por parte do Concello de Ponteareas pola Alcaldesa D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila, e por parte o AGADIC polo seu director D. Jacobo Luís Sutil Nesta. Vistas as normas de funcionamento das programacións do Agadic, onde se establecen os prezos mínimos dos importes das entradas, que de acordo coa categoría do Auditorio Municipal de Ponteareas correspóndelle o grupo “espazo B”, por estar comprendidos entre os 12.000 e os 40.000 habitantes.

Visto que no derradeiro ano os prezo establecido foi de 3,00€ para adultos e bono familiar (2 adultos e 1 menor de 12 anos) de 10,00€, propono a Xunta de Goberno Local do Concello de Ponteareas a adopción do seguinte acordo:

1. Modificar o prezo público para a asistencia ás representacións dos convenios do concello de Ponteareas coa Axencia Galega de Industrias Culturais, programadas para todo o ano 2022, de acordo cos seguintes prezos:

Representación teatral para adultos: 3,00€

Representacións para funcións de ámbito familiar (infantís) para nenos menores de 12 anos: 2,00€

Bono familiar soamente para funcións de ámbito familiar (2 adultos e 1 menor): 6,00€



Martes, 13 de setembro de 2022

Núm. 175

2. As actividades programadas para este 2º semestre son:

DATA	COMPañÍA	ESPECTÁCULO	CATEGORÍA	LUGAR
17/09/2022	Xisco Feijoo	Xisco Feijoo e banda "Peixe"	Adulto	Parque da Feira Vella
01/10/2022	Uxía Lambona e a Banda Molona	Uxía lambona e a banda Molona	Público familiar	Auditorio Reveriano Soutullo

3. Unha vez tomado este acordo se publique no BOP da provincia de Pontevedra e que se expoña no taboleiro de anuncios para facerse publico para xeral coñecemento.

4. De cada espectáculo reservárase, ata 1 hora antes do comezo da función, un total de 20 entradas para convites protocolarios, de membros de cada unha das compañías, para campaña de promoción do mesmo.

5. A xestión do cobro dos billetes realizarase en base ás instrucións que emita a Tesourería Municipal ó respecto e que será trasladada ó persoal responsable para o seu cumprimento.

6. Facultar ao Alcadesa-Presidente para a adopción de cantas resolucións sexan precisas para a execución e aplicación deste acordo.

7. A aforo aos espectáculos estará sometida ás normas establecidas polas autoridades sanitarias no momento de cada un dos acontecementos"

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º B.º da Sra. Alcadesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expídese a presente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

